Rubus ulmifolius Schott, 1818

silva, silveira	
zarza, zarzamora	
arantza	
abarta, abatzer, esbarzer, romaguera	
common bramble, Burbank's thornless blackberry	
silva, sarça, amoras silvestres	



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Rubus***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte arbustivo, pode chegar a medir 2 m. Caducifolio/invernante. Ramificacións arqueadas ou trepadoras, que poden estenderse varios metros. Presenta espiñas nas varas. Follas compostas de 3-5 folíolos, coa face verde e o envés densamente tomentoso ou laúdo de cores brancas ou agrisadas. Flores en acios, con pétalos de cor branca ou rosa. Floración en primavera-verán. O seu froito é a mora, formada por unha agrupación de drupas, que ao madurar pasa de cor vermella a morada escura.

HÁBITAT

Brotan en bordos de vales, ribeiras e bosque claro. Prefiren solos calcarios, solleiros e moderadamente húmidos.

DISTRIBUCIÓN

Nativa de Europa occidental e do Mediterráneo. Porén, está tamén naturalizada noutros lugares.

CURIOSIDADES

As moras e as follas foron tradicionalmente empregadas dende o Paleolítico para infusións, tinturas ou mesmo como cura para o mal de ollo.